



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS (ANFACO-CECOPECA) PARA A XERACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS ACCESIBLES PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DA PUBLICACIÓN “INDUSTRIA CONSERVERA” E DESTINALOS A SÚA INTEGRACIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Don Juan M. Vieites Baptista de Sousa secretario xeral da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos, en diante ANFACO-CECOPECA, con DNI 35991928X e enderezo na Carretera Colexio Universitario 16, 36310 Vigo (Pontevedra)

As dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante Consellería) é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde velar pola difusión e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego, na Internet.
2. Que a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, é a responsable de manter e actualizar Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG), o repositorio do patrimonio bibliográfico dixital galego. Ademais é responsable de





fomentar relacións de colaboración con outros centros ou organismos tanto públicos como privados que poidan contribuír a incrementar a colección de Galiciana-BDG.

3. Que a revista “Industria conservera”, vicedecana da prensa técnica e fundada o 5 de maio de 1934 tras un acordo da Xunta Xeral da Unión de Fabricantes de Conservas, é fundamental para o estudo do sector da conserva en España. Desde entón, esta publicación vén mantendo unha función de servizo ao sector transformador de produtos do mar, transmitindo as súas inquietudes e aspiracións a través de artigos de opinión, reportaxes e entrevistas. Nas súas páxinas están reflectidos máis de 80 anos do sector conserveiro, con estudos técnicos, estatísticos e de mercado, polo que é determinante o seu valor como fonte de información para a investigación histórica deste sector determinante na economía de Galicia.
4. Que a revista “Industria conservera” é tamén un referente para o acervo cultural galego xa que tivo entre os seu directores e colaboradores a persoeiros como Francisco Fernández del Riego ou Valentín Paz Andrade, figuras craves da cultura galega do pasado século e que tamén contribuíron significativamente ao mundo da pesca e da industria dos produtos transformados do mar.
Ademais da calidade intelectual dos autores que participan na redacción desta revista, “Industria conservera” tamén contou na súa primeira época con importantes artistas gráficos como Federico Ribas, creador da imaxe da “Camariñana”, que ilustrou en varias ocasións a portada da revista, converténdose nunha icona, non só da industria conserveira, senón tamén da historia iconográfica de Galicia. Outro artista destacable é Carlos Maside, que tamén ilustrou varias portadas para esta publicación.
5. Que a revista “Industria conservera” é un reflexo da historia do sector conserveiro galego e tamén soporte único dos traballos dalgúns dos intelectuais e artistas máis destacados da historia cultural de Galicia. Esa combinación fai que o seu contido sexa de interese para unha diversidade de áreas de investigación, desde estudos económicos, a artísticos ou sociais.
6. Que Galiciana-BDG ten como un dos seus principais obxectivos a conservación e difusión do patrimonio hemerográfico galego. A prensa histórica galega é unha fonte primordial de información para estudos e investigacións vencellados con diferentes ámbitos da cultura galega. Levar adiante un proceso de dixitalización sobre a colección da revista “Industria conservera” melloraría os servizos para os usuarios en xeral, proporcionando un acceso de maior calidade aos recursos da Consellería en relación ca educación e a formación continua.
7. Que a revista “Industria conservera” publicouse desde o seu primeiro numero en 1934 e ata o ano 2014 unicamente en papel, soporte que de caracteriza pola súa fragilidade co paso do tempo. Asegurar a permanencia dos seus contidos mediante procesos de transformación do papel ao dixital é un dos obxectivos de Galiciana, igual que ofrecer eses contidos en liña e en aberto a todos os investigadores e investigadoras e á toda a cidadanía en xeral.
8. Que a preservación do contido da prensa histórica galega é unha prioridade para a





Consellería pola inestabilidade do papel no que habitualmente se imprimía. Reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente e crear unha “copia de seguridade” para o material deteriorado como o da prensa histórica é unha das prioridades de todo proxecto de dixitalización. Esta é outra das razóns pola que se xustifica levar adiante os traballos de transformar a dixital os exemplares en papel da revista “Industria conservera”.

9. Que a revista “Industria conservera” é unha publicación de referencia para o estudo da industria da conserva en España. Por isto, a Consellería considera que sería de interese, non só para investigadores, senón tamén para a cidadanía en xeral, realizar procesos de dixitalización sistemática sobre dita revista, fomentando así o seu acceso dixital, respondendo a alta demanda por parte dos usuarios das bibliotecas deste tipo de documentos e garantindo a súa preservación a través das novas tecnoloxías.
10. Que o Museo ANFACO de la Industria Conservera posúe a colección completa en papel da revista “Industria conservera” de interese para Galicia, polo que os seus exemplares son determinantes para levar a cabo a dixitalización. Esta colección atópase encadernada e lle faltan algunhas portadas, as cales pódense dixitalizar da colección que custodia a Biblioteca Pública de Pontevedra.
11. Que un dos obxectivos de Galiciana-BDG é tratar de completar dixitalmente as coleccións de prensa histórica galega para tratar de ofrecer aos usuarios a información máis completa posible e facilitarles un punto único de acceso. Por isto realizar a dixitalización da revista “Industria conservera” cumpriría cos obxectivos da biblioteca dixital incrementando os contidos da súa hemeroteca.
12. Que a ANFACO-CECOPECA con sede na rúa Estrada Colexio Universitario, 16, 36310 Vigo, é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual da revista “Industria conservera”, e como tal correspóndelle o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas *no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia*, modificado pola *Lei 21/2014, de 4 de novembro e pola Lei 2/2019, do 1 de marzo, para a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017*.
13. Que o proxecto de realizar a dixitalización da publicación “Industria conservera” cumpriría con todos os requisitos para incrementar a colección de Galiciana-BDG, o que lle permitirá unha difusión máis ampla grazas a participación de Galiciana nos proxectos de Hispana e Europeana.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten como obxecto a xeración de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos da publicación “Industria conservera” depositada na sede de Museo ANFACO de la Industria Conservera, coa finalidade de mellorar o acceso ao contido de dita publicación e lograr a súa preservación. O rango cronolóxico obxecto do proceso de dixitalización vinculado a este convenio será o dos números da revista publicados desde 1934 a 1950.

Segunda. Actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante Consellería)

A Consellería, a través da Biblioteca de Galicia, comprométese a:

1. A Consellería, a través dos seus medios, propios ou externalizados, xerará un recurso dixital procedente do escaneo e tratamento bibliográfico da publicación en papel “Industria conservera” entre os anos 1934 a 1950 financiando o custe completo da dita xeración conforme as súas dispoñibilidades orzamentarias.
2. As actuacións que levará a cabo a Consellería implican a dixitalización, asignación dos metadatos e xeración dos formatos de imaxe para a preservación e difusión na Internet de aproximadamente 3840 páxinas de “Industria conservera” entre os anos 1934 a 1950. Estes traballos terán un prazo máximo de execución de tres meses, a contar desde a data na que a Consellería adxudique os traballos, despois da correspondente licitación pública.
3. A dixitalización farase principalmente sobre a colección en papel custodiada no Museo ANFACO de la Industria Conservera, xestionado por la Fundación Clúster de Conservación de Productos del mar (en diante FUNPROMAR). Dixitalizaranse os exemplares da colección da Biblioteca Pública de Pontevedra cando se atopen ausencias de números e/ou edicións nos fondos depositados no Museo ANFACO de la Industria Conservera.
4. Os traballos de xeración do recurso dixital aos que se refire o punto dous realizaranse conforme a normativa técnica e demais recomendacións de organismos internacionais que se veñen aplicando Galiciana-BDG. En concreto, axustaranse aos criterios técnicos e aos parámetros de calidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que se especifican no documento “Requirimentos técnicos para proxectos de dixitalización de fondos bibliográficos en institucións da memoria de Galicia”.
5. A Consellería facilitará ao Museo ANFACO de la Industria Conservera unha copia en disco duro do recurso dixital procedente do escaneo e tratamento bibliográfico de “Industria conservera” no rango cronolóxico seleccionado.





6. Corresponde á Consellería a conservación do recurso dixital xerado procedente do escaneo e tratamento bibliográfico de “Industria conservera”. O máster da reprodución en formato TIFF 6.0 quedará en posesión plena e total da Xunta de Galicia para a súa conservación.
7. A Consellería fará comunicación pública en Internet a través de Galicianabiblioteca Dixital de Galicia, do recurso dixital xerado procedente do escaneo e tratamento bibliográfico de “Industria conservera” das aproximadamente 3840 páxinas do rango cronolóxico seleccionado para este proxecto. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá difundir o dito recurso dixital no marco de calquera outro proxecto, actuación ou iniciativa de calquera clase que dita Consellería adopte para o cumprimento dos fins que ten encomendados. A Consellería comprométese a comunicar ao Museo ANFACO as accións que desenvolva, promovendo a presenza e colaboración do Museo ANFACO nos citados proxectos, actuacións ou iniciativas.
8. A Consellería, directamente ou a través da empresa contratada para a dixitalización, restituirá ao Museo ANFACO de la Industria Conservera, nas mesmas condicións nas que sexa entregada, os números e/ou edicións pertencentes a súa colección que se necesiten para a dixitalización completa das aproximadamente 3840 páxinas do rango cronolóxico seleccionado. O prazo máximo desta devolución será dun (1) mes dende a finalización dos traballos obxecto deste convenio.

Terceira. Actuacións da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPECA)

A Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos comprométese a:

1. Como titular do dereito exclusivo da explotación da obra, permitirá á Consellería de Cultura, Educación e Universidade exercer os dereitos de reprodución e comunicación pública das aproximadamente 3840 páxinas da publicación “Industria conservera” do rango cronolóxico seleccionado para este proxecto.
2. Seguindo as instrucións dos técnicos da Biblioteca de Galicia, o Museo ANFACO de la Industria Conservera entregará á Consellería de Cultura, Educación e Universidade os exemplares en papel daqueles números e/ou edicións de “Industria conservera” ao obxecto de realizar o proceso técnico para a xeración dun recurso dixital a partir dela, procedente do seu escaneo e tratamento bibliográfico.





3. ANFACO-CECOPECA poderá realizar permanentemente e en tódolos países do mundo, os actos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación que estime convenientes do recurso dixital xerado procedente do escaneo e tratamento bibliográfico da publicación en papel “Industria conservera” (anos 1934 a 1950), en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas ao día da sinatura deste convenio.

Cuarta. Financiamento.

O financiamento desta actuación correrá a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que aportará as cantidades necesarias con cargo ao Presuposto de Gastos do ano 2020 na partida 11.20.432A 640.1. e estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente. A adxudicación dos traballos vinculados a este convenio farase mediante a correspondente licitación pública seguindo o que establece a *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

Quinta. Propiedade intelectual e dereitos de autor

En todas as tarefas vinculadas a este convenio respectarase o disposto no *Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia*, modificado pola *Lei 21/2014, de 4 de novembro* e pola *Lei 2/2019, do 1 de marzo, para a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017*, así como o establecido na *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e y garantía dos dereitos dixitais* (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018).

ANFACO-CECOPECA é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual da revista “Industria conservera” polo que asume a responsabilidade fronte a terceiros por reclamacións de calquera índole dimanantes da posta a disposición dos usuarios, a través de Galiciana-BDG, dos recursos dixitais xerados como consecuencia deste convenio procedentes dos titulares de dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os mesmos.

Se fose necesario, ANFACO-CECOPECA estará obrigada, antes da realización dos traballos para obter os recursos dixitais accesibles, a obter as licenzas e autorizacións precisas que lle lexitimen para a execución dos mesmos.





En caso de accións dirixidas contra a Consellería de Cultura, Educación e Universidade por terceiros titulares de dereitos sobre os recursos dixitais accesibles obtidos da dixitalización sistemática da revista “Industria conservera”, ANFACO-CECOPECA responderá ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade ao do resultado das devanditas accións, estando obrigado, ademais, a prestarlle a súa plena axuda no exercicio das accións que competan á Consellería.

Sexta. Difusión da colaboración das partes.

Nas actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se realicen relacionadas coas actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usarase, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa. Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste convenio.

Sétima. Vixencia do convenio.

A xeración do recurso dixital procedente do escaneo e tratamento bibliográfico da publicación referida na cláusula primeira poderá iniciarse a partir da sinatura deste convenio.

A prazo máximo de execución será de tres meses, a contar desde a data na que a Consellería adxudique os traballos, despois da correspondente licitación pública.

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

Oitava. Modificación e resolución

O presente convenio de colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes, sempre que o oportuno acordo de modificación sexa formalizado e se produza antes da expiración do seu prazo de duración.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O mutuo acordo
- O incumprimento das cláusulas do mesmo por algunha das partes.
- A denuncia motivada dunha das partes, que deberá comunicarse por escrito á outra parte, polo menos cun mes de antelación a data prevista de extinción do convenio que figura na Cláusula Oitava.





- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

Novena. Comisión mixta de seguimento

Crearase unha Comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola Subdirectora Xeral de Bibliotecas e do Libro, da Secretaría Xeral de Cultura, ou persoa en quen delegue, e o representante legal de FUNPROMAR, ou persoa en quen delegue, ademais dun técnico por cada unha das institucións.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

Décima. Interpretación e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo primeira. Consentimento das partes en materia de protección de datos

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes e o resto de especificacións contidas nel.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

ANFACO-CECOPESCA, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os Colegiados profesionais, os que representen un interesado que





este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira. Transparencia

No compromiso da transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 15 da *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), o presente convenio será obxecto da publicidade prevista en dita lei e será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no *Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regulamento o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia* (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

En proba de conformidade co establecido no presente documento, os interesados asínano, por duplicado, na data e lugar do encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O secretario xeral de ANFACO-CECOPESCA

Román Rodríguez González

Juan M. Vieites Baptista de Sousa

